

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP CEDEIRA
CURSO: 1º
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
DATA: Maio do 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Mínimo esixible
B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	<p>CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.</p> <p>CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<p>Busca información de forma guiada e escribe o resultado de maneira clara e limpa.</p> <p>Planifica diferentes tarefas seguindo guías de traballo.</p>
B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Traballa en grupo aceptando regras e normas.
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE		
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	<p>CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</p> <p>CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.</p> <p>CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.</p>	<p>Identifica diferenzas entre as persoas.</p> <p>Identifica as partes do corpo.</p> <p>Comparte sentimentos e emocións propios e alleos.</p>
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	<p>CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.</p> <p>CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.</p>	<p>Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.</p> <p>Relaciona o exercicio físico e hábitos de hixiene coa propia saúde.</p>

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS		
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais	<p>CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.</p> <p>CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.</p> <p>CNB3.1.3. Amona condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p>	<p>Coñece as principais diferenzas entre plantas e animais.</p> <p>Identifica e describe animais e plantas do seu contorno</p> <p>Respecta aos seres vivos.</p>
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos	Recole datos sobre algún ser vivo e comunicados
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA		
B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	<p>CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.</p> <p>CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.</p>	<p>Recicla obxectos do cole.</p> <p>Identifica medidas de uso responsable da auga na escola</p>
B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	Identifica cor, dureza e sabor en materiais.
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS		
B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	<p>CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.</p> <p>CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.</p>	<p>Identifica os oficios das persoas evitando estereotipos sexistas.</p> <p>Identifica algúns aparellos de uso cotián e evita estereotipos sexistas.</p>
B5.2. Empregar o ordenador	CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: revisión e valoración do traballo feito polo alumnado, participación nas videochamadas grupais (tendo en conta as situacións de cada familia para tal fin), actividades de comprobación de dominio dos diferentes contidos, valoración de actividades dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre .</p> <p>Instrumentos: caderno da titora (registro de seguimento, esforzo, progreso, dificultades, participación nas tarefas propostas neste 3º trimestre) , rúbricas das diferentes unidades traballadas no 1º e 2º trimestre, ficha de seguimento do alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, así como a evolución, o grao de seguimento do curso ata o 13 de marzo, e o grao de seguimento das tarefas propostas durante o terceiro trimestre, tendo en conta que este último punto será valorado sempre positivamente e non perxudicará a súa nota final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estén orientadas ó desenvolvemento das competencias nesta área.</p> <p>Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, ademáis de propostas na realización de experimentos sinxelos.</p> <p>Serán actividades que permitan repasar, reforzar e/ou ampliar os contidos traballados na aula ata o peche dos centros.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así cair na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.</p> <p>Terase en conta as situacións familiares neste contexto e potenciarase a equidade para todo o alumnado, xa que non sería xusto promover un tipo de aprendizaxe donde non poida acceder todo o alumnado.</p> <p>A interacción entre alumnado e profesor será continua, pondo a disposición das familias e do alumnado o contacto telefónico da titora para calquer aclaración ou dúbida, un correo electrónico que serve para comunicarnos e como vía de entrega e corrección das tarefas propostas, promovendo unha aprendizaxe cunha retroalimentación, que dará significado a esta situación.</p> <p>Ademáis como elemento motivador e espazo de unión entre o alumnado, creouse un blog donde se proporán as tarefas semanais e servirá como mural donde o alumnado poderá ver os seus traballos e os dos seus compañeiros, sempre co permiso das familias.</p> <p>O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos excepciónais, o libro do alumando, fichas interactivas, material impreso.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto da titora coas familias e o alumnado é por varias vías , ben a través do teléfono, donde as familias e alumnado o empregan en caso de dúbida ou aclaración, no momento que o precisen, vía whatsapp (xa que é o método que algunhas familias solicitan por distintas causas), co correo electrónico, dende abalar e nas videoconferencias.</p> <p>Desta maneira preténdese recibir e dar información sobre a evolución e o traballo dos nenos e das nenas nestes meses.</p>
Publicidade	<p>A programación está publicada na páxina web do centro.</p> <p>En canto á publicidade das propostas a nivel centro, durante este tempo, tamén se atopan na páxina web, nos espazos creados durante este periodo “os noso alumnos teñen moito que dicir”, iniciativas polo Día do libro ou iniciativas creativas.</p> <p>En canto as tarefas en relación ao alumnado de 1º, hai unha ligazón na páxina web do centro, donde dende o apartado de 1º acceden directamente ao blog.</p>